

XORNADAS SOBRE CONDICIÓNS XERAIS DA CONTRATACIÓN E DA PROTECCIÓN DO CONSUMIDOR

(EGAP, 15, 16 e 17 de xuño de 1998)

María de la O Cores Lamas

Bolseira de colaboración en tarefas de investigación da EGAP

○ movemento consumista desenvolvido nos últimos anos foi un feito decisivo na toma de conciencia, por parte do consumidor, da importancia e transcendencia que teñen as cláusulas e condicións xerais que se contemplan nos contratos que se realizan de cotío.

Coa aprobación da Lei de condicións xerais da contratación (Lei 7/98, do 13 de abril) trasponse a Directiva 93/13/CEE, do Consello, do 5 de abril de 1993, sobre cláusulas abusivas nos contratos realizados con consumidores, na que tamén se regulan as condicións xerais da contratación. A nova lei pretende protexer non só os lexítimos intereses dos consumidores e usuarios, senón tamén os de calquera que contrate cunha persoa que utilice condicións xerais na súa actividade contractual. Aínda que na normativa española se contemplaba amplamente a regulación desta materia na Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, do 19 de xullo de 1984, a maior extensión da norma europea fixo necesaria unha adecuada trasposición desta. A nova lei, ademais, implica modificacións de importancia sobre a lexislación xeral relativa á defensa e á protección do consumidor.

A Escola Galega de Administración Pública e o Instituto Galego de Consumo organizaron conxuntamente unhas xornadas sobre as condicións xerais da contratación que se desenvolveron no salón de actos da escola durante os días 15, 16 e 17 de xuño de 1998, coa finalidade principal de procurar un coñecemento panorámico e completo da nova lei estatal aprobada e promulgada en desenvolvemento da Directiva europea sobre cláusulas abusivas. As xornadas contaron cunha nutrida asistencia de máis de duascenas persoas, entre profesionais do dereito, asesores xurídicos das administracións públicas, secretarios municipais e xuristas de asociacións de consumidores. Durante os tres días de debate, destacados xuristas españois e galegos expresaron posturas, enfrontadas en moitos casos, sobre o contido legal da normativa.

Segundo afirmou o director da EGAP, Domingo Bello Janeiro, un dos aspectos salientables da lei é que ademais de acabar coa chamada "letra pequena" dos contratos, considera a "nulidade parcial", figura pola que as cláusulas abusivas que son declaradas nulas non impiden o mantemento da validez do contrato realizado.

O primeiro relatorio das xornadas estivo a cargo do catedrático da Universidade Complutense de Madrid Manuel García Amigo, co título "A política europea de protección do consumidor e a Directiva 93/13/CEE", quen afirmou que segundo se establece no artigo primeiro, apartado primeiro e considerando VII, esta importante norma comunitaria ten o propósito confesado de "aproximar as disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos estados membros sobre as cláusulas abusivas nos contratos realizados entre profesionais e consumidores" e que "esta protección deberían proporcionala as disposicións legais e regulamentarias harmonizadas no ámbito comunitario ou adoptadas directamente a ese nivel", polo que a directiva pretende non só harmonizala xa existente na lexislación positiva dos estados membros, senón tamén introduci-la protección dos consumidores cando non estea aínda na dita lexislación positiva de nivel nacional.

De seguida, Luis Humberto Clavería Gosálbez, catedrático de dereito civil da Universidade de Sevilla, pronunciou unha conferencia sobre a predisposición do contido contractual, a cal tivo por obxecto facer unha reflexión sobre o fenómeno da predisposición á luz da nova lei sobre condicións xerais da contratación, e inevitablemente fixo unha crítica, non só polo feito, segundo dixo o relator, de que se trate dunha lei especialmente importante que acaba de aparecer, senón sobre todo porque, en moitos aspectos, constitúe un espectacular exemplo de como non debe facerse unha lei, xa que se perdeu a oportunidade de elaborar un texto útil, claro e operativo. Á pregunta de cómo debía ser unha lei sobre con-

dicións xerais razoable, antes de abril de 1998, o profesor Clavería lanzou a seguinte idea: “facer unha lei que, respectando o marco da Directiva 93/13, fose o máis parecida posible á Lei alemá de condicións xerais do 9 de decembro de 1976, facendo algunhas adaptacións ás nosas circunstancias e suprimindo algúns preceptos. Obviamente cabía tamén facer unha lei española orixinal tecnicamente adaptable, pero, se non se atrevían os redactores a tanto, quedaba a solución da prudente imitación dunha lei estranxeira, como a apuntada”.

A continuación, Carlos Vattier Fuenzalida, catedrático da Universidade de Burgos, na súa intervención sobre as cláusulas abusivas nos contratos de adhesión, afirmou que, en efecto, as cláusulas dos contratos de adhesión para seren válidas e eficaces deben reunir certos requisitos, tanto externos como internos, a verificación dos cales en sede xudicial se dá a través do control de incorporación e do control do contido; a estes mecanismos de control, únense as regras sobre a interpretación do contrato, algunhas das cales serven tamén para a integración do seu contido.

Os requisitos de incorporación teñen por finalidade asegurar a transparencia do clausulado, isto é, que o adherente poida coñecer, alcance o coñecemento efectivo e acepte a súa inclusión no respectivo contrato de adhesión.

Así, segundo se establece na nova lei, as condicións xerais deben redactarse con claridade, concreción e sinxeleza, e deben ademais ser aceptadas expresamente, trala información da súa existencia e entrega dun exemplar destas. A aceptación prodúcese coa sinatura do contrato escrito, e presenta modalidades diversas nos contratos que non constan por escrito e os realizados por teléfono ou por medios electrónicos. Segundo o artigo 7, exclúense as cláusulas opacas, é dicir, as ilexibles, as ambiguas e as incomprendibles, que non sexan aceptadas por escrito ou que non se axusten ás normas específicas sobre transparencia. En fin, determina o artigo 9.1 que a exclusión das cláusulas opacas ou non transparentes se declara por sentenza xudicial por petición do adherente.

Así mesmo, conforme o novo artigo 10 da Lei de consumidores e usuarios, tanto a oferta ou promoción como as cláusulas non negociadas deben ser concretas, claras, sinxelas, comprensibles e non conteren reenvíos a documentos que non se faciliten ou que non consten no momento de realizarse o contrato.

Unha vez superado este control de incorporación, os contratos de adhesión, igual ca tódolos contratos, deben ser interpretados para esclarece-lo seu sentido e alcance. Para os contratos realizados polos consumidores, a LCU limítase, por unha parte, a reproducir literalmente a regra de interpretación *contra proferentem* prevista polo artigo 1288 do Código civil no sentido de que as dúbidas se deben resolver a favor do adherente; pero, por outra parte, sinala que para aprecia-lo carácter abusivo das

cláusulas se deben ter en conta estes aspectos: o obxecto do contrato, as circunstancias que concorren no momento da realización e as demais estipulacións do contrato ou das que este dependa. Estes tres aspectos correspóndense cos criterios hermenéuticos dos artigos 1282, 1285 e 1286 do Código civil, co que se produce unha dobre e incongruente remisión.

Pola tarde, as xornadas comezaron coa intervención de Lourdes Tejedor Muñoz, profesora titular da UNED de Madrid, quen explicou amplamente os requisitos de incorporación contractual das condicións xerais e afirmou que son aqueles que debe reunir ou cumprir unha condición xeral para que pase a formar parte do contido do contrato. Na súa exposición, a profesora aclarou que falar do que a lei chama “requisitos de incorporación” é falar do que tradicionalmente se chama “control de inclusión das condicións xerais” e que, para iso, se idearon unha serie de mecanismos de control que deben supera-las condicións xerais en diferentes momentos da vida do contrato, e a modo de protección para quen contrata someténdose a elas.

Efectivamente, entre estes controis destaca un primeiro control, “o de inclusión”, normalmente considerado pola doutrina como requisito de orde formal, e que se realiza, precisamente, para que as condicións xerais, se cumpren “os requisitos de incorporación”, poidan pasar a formar parte do contido do contrato singular.

Unha vez que a cláusula xa forma parte do contrato, a este pódono seguir outra serie de controis posteriores, como o de contido, considerado tradicionalmente como un requisito de orde material, que se realiza para asegurar que non existe un desequilibrio dos dereitos e obrigas do adherente ou, utilizando a terminoloxía da lei, para saber se unha cláusula é ou non abusiva.

Unha vez vistos os requisitos de incorporación, a relatora considerou conveniente facer unha puntualización importante sobre a función que estes cumpren. Sobre esta cuestión afirmou que está estreitamente unida á debatida natureza xurídica asignada ás condicións xerais da contratación.

Así, xunto a unha longa e tradicional controversia entre normativistas e contractualistas, media un estudio sobre a materia, no que o profesor Alfaro considera que as condicións xerais se integran no contrato como unha “concreción da boa fe por parte das empresas”.

A lei parece poñerlle punto final a esta cuestión, triunfa a tese contractualista e é necesario, para que as condicións xerais formen parte do contrato, que o adherente acepte a súa incorporación neste.

A continuación, o segundo relatorio da tarde estivo a cargo da vicedecana da Facultade de Ciencias Sociais e Xurídicas e profesora titular da Universidade Carlos III de Madrid, Lourdes Blanco Pérez Rubio, quen fixo unha exposición sobre a ilicitude das cláusulas de submisión expresa, explicando que na práctica comercial é moi frecuente que os contratos

incorporen cláusulas en virtude das cales un dos contratantes teña que someterse, para os posibles litixios que poidan xurdir da súa relación contractual, ós xulgados ou tribunais establecidos pola outra parte contratante. Son as denominadas cláusulas de submisión expresa, legalmente admitidas, pero que incorporadas nos contratos de adhesión ou en condicións xerais da contratación, ó viren pre-redactadas polo profesional e impostas, lle causan un grave prexuízo ó consumidor polo desequilibrio que se produce entre os dereitos e as obrigas das partes.

Durante os últimos anos, observouse como o consumidor, consciente deste prexuízo, acudiu ós tribunais para reclama-la nulidade das cláusulas de submisión expresa. Moitas foron as sentencias dictadas polo Tribunal Supremo con respecto a isto; elaborouse con elas unha doutrina que, ante o silencio da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios, do 19 de xullo de 1984, e por influencia da Directiva 93/13, do 5 de abril, sobre cláusulas abusivas nos contratos realizados con consumidores, veu consideralas abusivas.

En todo caso estimaranse cláusulas abusivas os supostos de estipulacións que se relacionan na disposición adicional da lei.

A citada disposición adicional contén unha lista enunciativa, cualificable como lista negra (fronte á anterior, que contiña o derogado artigo 10 da LCU, que era cualificada de gris), de cláusulas abusivas que incorpora non só as declaradas nulas pola directiva, senón, como sinala a exposición de motivos da LCXC, "ademais as que de acordo co noso dereito se consideran claramente abusivas". Entre elas, e co número 27 (igual ca no proxecto de lei), están as de submisión expresa a unha determinada xurisdicción.

A submisión expresa a unha determinada xurisdicción é perfectamente válida e admitida pola Lei de procesamento civil. Como pacto que é, precisa do consentimento das dúas partes contratantes, consentimento que non se dá nos contratos realizados entre profesionais e consumidores cando as cláusulas foron pre-redactadas de forma unilateral e impostas polo pre-dispoñente.

No segundo día de realización das xornadas, tivo lugar unha conferencia que pronunciou o director da Escola Galega de Administración Pública, Domingo Bello Janeiro, titulada "Cláusulas de exoneración ou limitación da responsabilidade". Segundo dixo o responsable da EGAP, na sociedade actual preséntanse problemas nas relacións contractuais como a ruptura do principio de igualdade e do de liberdade de contratación. Así, afirmou, que no tráfico xurídico vemos continuamente como fronte ó consumidor individual están as grandes compañías ou empresas que só lle permiten a opción de contratar baixo as súas condicións, incluso cando se trata de servicios imprescindibles, como o teléfono ou a luz, ou impostos pola lexislación, como os seguros obrigatorios. É por iso

imprescindible –engadiu– a intervención da Administración para garanti-la protección do denominado contratante débil.

Tamén puxo de relevo a falta dun procedemento xudicial rápido e de baixo custo, que posibilite as reclamacións de danos polo consumo de bens e servicios, especialmente cando son de escasa contía, como un dos obstáculos que se presentan á hora de acadar-la garantía e a tutela dos dereitos de consumidores e usuarios. A adecuada protección do consumidor –dixo– ten que pasar necesariamente por analizar previamente polo miúdo os límites das cláusulas de redución ou exoneración de responsabilidade.

A pesar do dito, Bello Janeiro considera que a nova Lei estatal sobre condicións xerais de contratación é un paso importante porque acaba coa chamada “letra pequena” dos contratos e incrementa substancialmente a protección dos consumidores ó introduci-la definición de “cláusula abusiva” e ó establecer unha enumeración enunciativa destas cláusulas.

O director da EGAP explicou que a nova normativa o que vén facer é anular todas aquelas cláusulas que rompan o desequilibrio das partes. Así mesmo, e como novidade, regúlanse as limitacións indirectas, que adoitan ser aquelas que espertan poucas sospeitas do seu carácter abusivo. Un exemplo disto é o das cláusulas dalgúns contratos polas que o consumidor ten que renunciar ó seu propio foro, o que supón que ten que someterse ós tribunais doutra localidade distinta á súa. “Isto –engade Bello Janeiro– dificulta enormemente a reclamación do usuario, que finalmente decide non reclamar”.

Na súa intervención, deu conta, con carácter eminentemente práctico, das decisións xudiciais máis relevantes que se produciron con ocasión dos litixios suscitados por consecuencia da inserción das cláusulas da moderna contratación.

Neste sentido lembrou algúns dos casos, como o dunha sentenza do Tribunal Supremo de 1953 na que se declarou nula a cláusula que figuraba nun billete gratuito concedido por Renfe pola que esta se exoneraba de “calquera clase de prexuízos que se lle puidesen ocasionar ó portador daquel”.

Trala conferencia de Bello Janeiro, a profesora da Universidade Nacional de Educación a Distancia, María Teresa Bendito Cañizares, pronunciou unha conferencia sobre “A impugnación xudicial das condicións xerais da contratación”, na que fixo referencia ós medios dos que dispón o consumidor para exercita-los seus dereitos; para facelos valer cando sexan lesionados no tráfico xurídico. Pero aínda máis, segundo dixo a relatora, circunscríbese ós que teñen fronte unha das posibles instancias que existen no noso dereito como é a xudicial, polo que nos movemos nun dos específicos modos de control das condicións xerais da contratación.

O consumidor e usuario, trala aprobación da Lei 7/98, debe recoñe-

cerlle ó lexislador español o feito de idear e de establecer novas fórmulas de control xudicial das condicións xerais da contratación no tráfico, xa que a tutela dos seus dereitos relativos ó eido da contratación en masa se especifica nas accións xudiciais que poderá levar adiante.

Así, afirmou, que de forma individual poderá exercer tanto a acción de nulidade como a declarativa de non incorporación dunha condición xeral de contratación.

Tamén, de forma colectiva, verá como o lexislador dispensa as asociacións de consumidores e usuarios da posibilidade de iniciar accións que faciliten o seu status de consumidor ou usuario, pois ó impedir que se utilicen ou recomenden determinadas condicións xerais de contratación estarán preservando e prevendo os dereitos dos consumidores no tráfico. E, de forma difusa, porque as asociacións de consumidores e usuarios poderán exercer a defensa dos intereses difusos dos consumidores. Inclusive poderán facelo con peticións de indemnización de danos e prexuízos, o que supón un grande achegamento ás accións de clase propias do dereito anglosaxón, e unha concreción da declaración contida no artigo 7.3º da Lei orgánica do poder xudicial.

E é claro que na tutela xudicial, pola que opta o lexislador, dos intereses económicos dos consumidores desempeñan un papel primordial as asociacións de consumidores e usuarios, entes dos que xa non poderá dicirse que non constituirán un remedio efectivo fronte ó abuso do máis forte no tráfico.

O catedrático de dereito civil da Universidade Nacional de Educación a Distancia, Carlos Lasarte Álvarez, profundo coñecedor da materia e á vez colaborador na organización destas xornadas, iniciou a sesión da tarde pronunciando unha conferencia onde tratou o tema da nulidade parcial e da integración do contrato. O profesor Lasarte fixo referencia a varias sentencias do Tribunal Supremo, das cales, por poñer algún exemplo, cabe destaca-la Sentencia do 11 de marzo de 1985 na que se fai alusión a que non se pode dicir que sexa incongruente unha sentenza que outorgue menos do pedido, e sen extralimitarse sexa axeitada ás peticións e alegacións das partes sen saír do seu ámbito, por se acolleren só parte das súas peticións e porque non se alterou de ningún modo a *causa petendi*, sempre referida, na reconvenção e na sentenza, á nulidade do contrato novatorio, e non constitúe incongruencia, polo tanto, decretar só a nulidade parcial deste, desde o ángulo no que agora se examina a congruencia, porque esa posibilidade foi xa recoñecida pola doutrina e a xurisprudencia, é dicir, a de compatibilidade da concorrencia nun mesmo acto ou negocio xurídico de pactos válidos e de pactos nulos, sen que a nulidade transcenda a totalidade do negocio, como noutro aspecto declarou xa este tribunal ó se referir á nulidade parcial do prezo nas contratos normados.

Por outra parte fixo referencia a outra sentenza tamén do Tribunal Su-

premo de data 16 de setembro de 1986 na que se di que a existencia dun contrato normado permite aplica-la doutrina da nulidade parcial do contrato ou a revisión de axuste das prestacións levada ó momento da perfección do contrato, para a súa adecuación á legalidade, sen que iso comporte a nulidade total do contrato.

De seguida o último relatorio da tarde no segundo día das xornadas, titulado "Pasado e porvir da noción de contrato", estivo a cargo do profesor da Universidade de Salamanca, Mariano Alonso Pérez, quen despois de facer referencia ó valor cardinal do contrato na súa significación histórica e moderna, así como ás funcións económicas e sociais do contrato na súa perspectiva clásica e na súa configuración liberal, se centrou nos propósitos perennes e actuais do contrato, facendo referencia ás finalidades ou funcións de índole xurídica. Segundo afirmou o relator, o contrato como creación suprema da ciencia do dereito cumpre tarefas ou funcións xurídicas insubstituíbles. Entre outras, mencionou a de crear obrigas patrimoniais, alteralas ou terminalas mediante a autolimitación ou voluntaria aliñación da propia liberdade. A limitación da liberdade persoal trae consigo o beneficio de satisfacer intereses ou necesidades dos obrigados.

Por outra parte resaltou, entre outros aspectos, que o contrato contribúe decisivamente á concordia social: á lealdade nos tratos e ó respecto á palabra dada, como fundamento íntimo do contrato, é fonte de pacificación da sociedade.

Tamén dixo que o contrato é a expresión máis común da autonomía privada, que a autonomía privada contractual é igual á autolexislación ou autodisciplina dos propios intereses.

Finalmente, asegurou que o contrato é un instrumento de dinamismo social. Precisamente porque o contrato presenta na actualidade carácter de verdadeira institución xurídica, é dicir, ten a firmeza do substancial e constitúe unha das columnas ou bases sobre as que descansa o edificio social. Sen dúbida, por iso é a figura xurídica máis coñecida e familiar para os profanos no mundo do dereito.

O profesor Mariano Alonso rematou a súa intervención evocando o diálogo que o xenial Ihering, hai máis dun século, mantiña co venerable espírito no ceo dos conceptos xurídicos:

"Venerable espírito, permíteme que che pregunte, ¿de que te ocupas neste momento?

— Estou construíndo o contrato.

— ¿O contrato? Pero se é o máis sinxelo do mundo ¿que queda por construír nel?

— Moito, precisamente por ser tan sinxelo. Pareces ser un novato... O entendido sabe que os fenómenos xurídicos máis sinxelos encerran a dificultade máis grande, e polo que respecta ó contrato, que a ti che parece

tan sinxelo, non sei sequera se terei éxito no meu intento de construílo. Pouco me falta para declarar que o contrato é unha imposibilidade desde o punto de vista lóxico.

— ¿Pero como...?.

— Cala, xa sei o que querías dicir. Ías preguntar qué se faría na vida sen os contratos. Lembra o que che dixen: aquí non debes menciona-la palabra "vida", senón estás perdido. Corrixe a túa pregunta...".

Ata aquí o diálogo interrompido. "¿Que se faría na vida sen os contratos?" era a pregunta que lle desexaba formular Ihering ó venerable espírito conceptual. Podemos responder –o autor do *Fin no dereito* sabía a resposta infinitamente mellor ca nós–, que nada ou case nada. Quizais a nosa existencia non sexa outra cousa, no seu devir de cotío, que unha estipulación de trato sucesivo, unha longa negociación, un pesadelo constante feito de pactos, cláusulas e condicións. Tal vez, afirmou o relator, incluso no máis alá, o noso destino quizais dependa de cómo pactemos ou negociemos co xuíz supremo. Cando menos, témo-la completa seguridade de que a predisposición non incorporará cláusulas abusivas, e os adherentes confiamos *ex bona fide* acada-la tutela debida ó contratante máis débil.

Previamente á realización do acto de clausura, interveu nas xornadas o director xeral de Rexistros e do Notariado, Luis María Cabello de los Cobos Mancha, quen abordou o tema dos aspectos rexistrals da Lei de condicións xerais da contratación dicindo que, como non podería ser doutra forma e o é na realidade xurídica das normas vixentes, a nulidade, a moderación, a integración do contrato é e seguirá sendo competencia xudicial exclusiva. Tamén é lugar común que aqueles profesionais que exercen funcións públicas en canto a súa actuación extraxudicial se basea, precisamente, no amparo e salvagarda dos xuíces e tribunais, deben coadxuvar ó cumprimento voluntario dos contratos (desxudicialización) e colaborar coa función xurisdiccional. O relator rematou a súa exposición facendo unha serie de conclusións no marco da nova lei, que son as que seguen:

1ª. Trátase dunha lei de dereito privado, dentro das competencias exclusivas do Estado, e, en consecuencia -como xa ten ocorrido- a tarefa pre-lexislativa, dentro do Goberno, correspóndelle ó Ministerio de Xustiza e non ó de Sanidade e Consumo.

2ª. A reforma, pois, das leis procesuais e substantivas, como ferramentas de traballo de xuíces e tribunais, debe producir varios efectos, como reducir preitos, simplificar procesos, e axiliza-la solución de conflitos.

3ª. Para o cumprimento dese obxectivo deben poñerse ó seu servicio tódolos medios ou instrumentos existentes, desde a conciliación ou a arbitrase á xurisdicción voluntaria, e, dada a súa transcendencia social, económica e xurídica, o tráfico privado ten que contar cos que nel interveñen

sen ser parte na relación contractual, é dicir, con notarios, corredores e rexistradores.

4^a. O notario, como xurista e redactor dos instrumentos públicos, debe achegarlle diversos elementos a este obxectivo: a certeza da incorporación ó contrato das condicións xerais, a advertencia das regras de interpretación e a exclusión das cláusulas nulas.

5^a. O rexistrador, como xurista e redactor dos asentos, debe, así mesmo, cualifica-la validez do contrato, do acto dispositivo, do dereito, e das cláusulas inscribibles, e a un tempo, debe facilitar e cualifica-lo contido dos asentos (protección de datos e dos consumidores) verbo da publicidade formal que expida, asegurando a claridade, sinxeleza, transparencia, a veracidade da información e inalterabilidade dos seus arquivos (libros, bases de datos), establecendo deberes específicos fronte a calquera persoa interesada na inscrición do seu dereito (antes, durante e unha vez practicado o asento).

6^a. Se o artigo 23 da Lei de condicións xerais da contratación se refire á redacción do contrato, principalmente, e o artigo 10.6 da Lei de defensa dos consumidores á inadmisión das cláusulas declaradas xudicialmente nulas, o terceiro nivel de concreción da reforma do dereito privado nesta materia inclúese na correlativa da Lei hipotecaria. Así se coordinan as tres leis, integrándose unha noutra para forma-las normas xerais aplicables ó caso ou suposto de feito.

A continuación tivo lugar unha mesa-coloquio na que interviñeron o fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Ramón García Malvar; o decano do Colexio de Avogados de Santiago, Javier Álvarez Santullano; a decana da Delegación do Colexio de Rexistradores da Propiedade Mercantil de España en Galicia, María Jesús Torres Cortel; o notario do Colexio de Notarios de Galicia, José Antonio Montero Pardo, e mailos catedráticos de dereito Carlos Lasarte da UNED; Ángel Rebolledo Varela, da Universidade de Santiago e Fernando Lorenzo Merino, da Universidade de Vigo.

A clausura das xornadas estivo a cargo do director da Escola Galega de Administración Pública, Domingo Bello Janeiro, e do director xeral de Comercio e Consumo e presidente do Instituto Galego de Consumo, Jorge R. Vázquez Molezún. Na súa intervención Vázquez Molezún referiuse á nova Lei 7/1998, sobre condicións xerais da contratación, aprobada polo Goberno central o 13 de abril de 1998 e, segundo el, "non cabe dúbida de que contribúe a aumenta-las garantías dos consumidores á hora de contratar con profesionais e, sobre todo, cumpre cunha das prioridades da Comisión Europea: garanti-lo acceso dos consumidores á xustiza". Destacou, así mesmo, a estreita colaboración que manteñen a Escola Galega de Administración Pública e o Instituto Galego de Consumo, que se plasma

na formación do persoal do instituto, na arbitrase de consumo e na realización dos cursos básicos de consumo.

Durante o acto de clausura das xornadas, o director da EGAP, despois de agradecer-la presenza de tódolos participantes nas xornadas e de estende-lo agradecemento ó Instituto Galego de Consumo pola colaboración e o apoio prestados no desenvolvemento das xornadas, apostou por fomentar un sistema eficaz e inmediato de reclamacións e queixas; postulou a creación dun fiscal autonómico en materia de consumo, como existe en Andalucía, e dun valedor ó que lle correspondese de maneira exclusiva a protección dos usuarios, tal como existe en Suecia, onde hai un *Ombudsman* dos consumidores.

Por outra parte, valorou positivamente a análise da nova lei feita polos relatores, que por fin lle vén dar cumprimento á normativa europea na materia, xa que a transposición da Directiva 93/13 sobre cláusulas abusivas é, precisamente, un dos principais motivos que moven o lexislador á hora de redacta-la lei co fin de adecua-la lexislación interna española á comunitaria. Esta lei "é o punto final dunha evolución, que se vén producindo progresivamente ó longo do século XX, na recuperación do equilibrio entre as partes contratantes, e que trata de evita-lo prexuízo da parte máis débil, que polo xeral é a representada polos consumidores, o que debe completarse cunha reforma procesual en profundidade para garantir na práctica os dereitos dos consumidores".

Como é ben sabido, na sociedade actual a produción en masa é debida á produción de bens e á prestación de servicios a grande escala das grandes empresas. A distribución comercial dos produtos e dos servicios faise a través da contratación en masa, mediante condicións xerais da contratación. Isto provoca un desequilibrio importante entre os dereitos e obrigas das partes do contrato, co que se permite a introducción de cláusulas abusivas nas ditas condicións xerais. A proliferación das condicións xerais da contratación e das cláusulas abusivas requiría unha regulación de forma xeral e a través dunha lei específica, que despois de moitos intentos se conseguiu coa Lei 7/1998, do 13 de abril, sobre condicións xerais da contratación, que foi obxecto de estudio e debate nestas xornadas. A nova lei supón un cambio importante no sentido de que introduce modificacións de grande transcendencia que traspasan o ámbito da lexislación civil e chegan incluso a cualificarse, segundo dixo a profesora Lourdes Tejedor, "como a norma máis importante do dereito contractual, desde a publicación do Código civil".